



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xuño 2022 • Nº 268



PRAZO DE INSCRIPCIÓN PREVIA NAS ACTIVIDADES CULTURAIS

■ Rematado o prazo de inscrición previa nas actividades culturais escolares e para persoas adultas para o curso 2022/2023.

OLLO!! En setembro sacaremos o prazo de **FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA PARA TODAS AQUELAS PERSOAS QUE NON SEXAN PARTICIPANTES NESTE CURSO.**

Moita atención ao exemplar de setembro!!

■ **OLLO!! O Boletín Informativo Municipal NON PUBLICARÁ A SÚA EDICIÓN NO MES DE AGOSTO!**

Todas as iniciativas deste mes publicaranse na edición de xullo (se tes algunha só tes que compartila no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal ou chamando ao 981 814 691).



HORARIO DE VERÁN DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

■ Dende o **15 de xuño ao 15 de setembro** o horario de atención ao público no Concello de Vedra será de luns a venres de **9:00 a 13:00 h.**

- Nas Oficinas xerais e nos departamentos de alcaldía, emprego e cultura e deportes (de luns a venres)

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

AXENDA DA “VEDRA FESTEIRA”

- Festa de Santa Isabel en **San Fins** o **5 de xuño**.
- Festa das Flores en **Santa Cruz** o **5 de xuño**.
- Baixada da Virxe do Gundián en **Ponte Ulla** o **5 de xuño**.
- Festas do Corpus:
 - En **Vedra** o **12 de xuño**.
 - En **Illobre** o **19 de xuño**.
- Festas de San Pedro:
 - En **San Pedro de Vilanova** o **25 e 26 de xuño**.
 - O 25 sesión vermú e verbena co dúo “Phantom”.
 - O 26 sesión vermú e verbena co dúo “Pachi Show”.
 - En **San Pedro de Sarandón** o **29 e 30 de xuño e o 3 de xullo**.
 - O 29 sesión vermú e verbena co grupo Eureka.
 - O 30 sesión vermú e verbena coa orquestra “Furia Joven” e Panamá.
 - O 3 de xullo sesión vermú coa Banda de Santa Cruz de Ribadulla.

- No departamento de Servizos Sociais: (os luns, xoves e venres)
- No departamento de Urbanismo: (os luns, mércores e xoves)
- No Xulgado de paz: (os martes e xoves de 10:00 a 13:00 horas)



Mesa de participación Plan de Sostenibilidade Turística en Destinos no que traballan conxuntamente o Concello de Vedra e o GDR Terras de Compostela.



Letras Galegas: visitas teatralizadas ao Pazo de Ortigueira co alumnado do C.E.I.P. Ortigueira, C.P.I. Plurilingüe de Vedra e de Mulleres+.



Letras Galegas: presentación de “O libro falador” de Henrique Neira co alumnado do CPI Plurilingüe de Vedra.



Letras Galegas: teatro na Nave da Estación; co grupo de teatro de maiores do Centro Social.



Letras Galegas: A Memoria dos Lugares é un proxecto de Promove Consultoría que busca recuperar aqueles records e vivencias vencelladas aos distintos recursos turísticos que teñen un elemento en común: a auga. Pequenos vídeos nos que as mulleres son as protagonistas, as veciñas toman a voz para falar da auga: das súas propiedades curativas e máxicas, da súa forza facendo funcionar o muíño, da pesca no río Ulla...

Carmen e Pilar, dúas veciñas de San Fins, participaron neste proxecto no que falaban das propiedades milagreiras das augas de Santa Isabel. Os vídeos pódense ver na seguinte web: <https://memoriadoslugares.promoveconsultoria.com/>



Observación astronómica dentro do programa Camiños de Coñecemento e Experiencia da USC en Vedra.



Unha das sesións do Programa Camiños de coñecemento e Experiencia.



Visita do alumnado de 4º da ESO do C.P.I. Plurilingüe de Vedra á Exposición Paso a Paso.



Actividade polo Día da Familia na Ludoteca.



Sesión de bingo do mes de maio no Centro Social de Vedra.



Sesión do Foro de Emprendemento Rural no centro A Estación de Vedra.



Paso dun grupo de ciclistas polo Camiño Miñoto Ribeiro.



Paso dun grupo de peregrinas polo Camiño Miñoto Ribeiro.



Foto de familia das actividades das escolas deportivas de Vedra no final do curso 2021/2022.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



IX Torneo F-8 San Mamed, co Equipo do Celta como campión na categoría alevín.



Serán das Letras da Asociación Cultural San Campio.

De Interese



OFICINA DE REXISTRO CL@VE EN VEDRA

■ A Oficina de Rexistro Cl@ve é un sistema orientado a unificar e simplificar o acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos.



O seu obxectivo principal é que o cidadán poida identificarse ante a Administración, mediante claves concertadas (usuario máis contrasinal), sen ter que recordar claves diferentes para acceder aos distintos servizos.

Cl@ve complementa os actuais sistemas de acceso mediante DNIe e certificado electrónico, e ofrece a posibilidade de realizar sinaturas na nube con certificados persoais custodiados en servidores remotos. Previamente á utilización do sistema Cl@ve cómpre rexistrarse no mesmo, achegando os datos de carácter persoal necesarios.

Este rexistro pode facerse:

- A través de internet sen certificado electrónico (este tipo de rexistro é de nivel básico e non permite o acceso a todos os servizos).
- A través de internet con certificado electrónico ou DNIe.
- De xeito presencial nunha oficina CL@VE. A Secretaría Xeral da Administración Dixital autorizou a este concello para que funcione como Oficina Rexistro Cl@ve.

Para rexistrarse no sistema de xeito presencial a través desta oficina debes solicitar cita previa a través do formulario dispoñible na Sede Electrónica – Outros servizos (<https://sede.vedra.es>).

VEDRA CO TRANSPORTE PÚBLICO METROPOLITANO

■ LEMBRA!

Que se resides en Vedra e queres desprazarte a Santiago con regularidade contas cunha ampla expedición de liñas de transporte público para facelo. Cada casa vedresa recibiu a súa revista do "Transporte Público Metropolitano de Galicia en Vedra" na que podes consultar os horarios de paso por cada parada e cada parroquia.



Ademais podes consultala na páxina web municipal e podes facer a túa consulta no teléfono 981 814 612.

Unha maneira sinxela, cómoda, ecolóxica e barata de viaxar... Algo especialmente importante nestes tempos de encarecemento dos combustibles!

SERVIZO DE AVARIAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA

- No caso de avaría na iluminación pública ou calquera incidencia neste servizo ponte en contacto nos seguintes teléfonos: 699 304 702 ou para urxencias no 901 203 040.

PUNTO LIMPO DE VEDRA

■ Horarios de atención ao público:

- Martes de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Sábado de 9:00 a 14:00 horas.

Xa non é precisa CITA PREVIA pois as restricións da pandemia vanse relaxando de a pouco!!

PUNTOS DE REGARGA EN VEDRA

- Vedra conta xa con 2 puntos de recarga gratuíta para vehículos eléctricos, que están situados:

- No Centro de Saúde de Vedra.
- No Centro de Emprendemento da estación de Ribadulla.

O concello ten conexión vía Internet cos postes para supervisar o seu estado de funcionamento en cada momento, o número de cargas realizadas, a enerxía dispensada, e mesmo modificar de xeito telemático os límites de potencia e outros parámetros do sistema.

A instalación adáptase dinamicamente para aproveitar o sobranse de potencia contratada do edificio municipal ao que se anexou o poste. Así dá un servizo á cidadanía en base aos custes fixos do recibo eléctrico na medida en que sobren en cada momento do uso principal e prioritario do edificio. Por tanto, no centro médico -por exemplo- nos inicios de máis actividade sanitaria pola mañá, a carga pode ser máis lenta, e polas noites a carga vai ser a máxima potencia e aproveitando a tarifa enerxética súper reducida do recibo.

Isto permite ao concello ofrecer inicialmente un servizo de carga pública e libre sen custes excesivamente gravosos para as arcas municipais.



Turismo

APERTURA DA OFICINA DE TURISMO

- A partir do 1 de xuño, o Punto de Información Turística da Rei-toral da Ulla abre as súas portas para atender aos peregrinos e pe-regrinas.

O horario de apertura será de martes a domingo de 11:00 a 15:00 horas.





VEDRA MEDRA... COAS LETRAS GALEGAS DESDE O PAZO DE SANTA CRUZ

■ Este mes de maio veu ateigado de actividades ligadas á celebración do Día das Letras Galegas.

O alumnado de 2.º da ESO tivo a oportunidade de festexalo no Pazo de Santa Cruz de Ribadulla. A Florencio Delgado Gurriarán honrámoslo en Ortigueira cun achegamento á súa poesía paisaxística desde un lugar privilexiado, o xardín histórico do pazo, espazo botánico insuperable e próximo ao centro educativo no que viñeron medrando auténticos monumentos verdes.

Esta actuación que chamamos “As árbores de Vedra... con Florencio” estruturámola en dúas partes: unha visita teatralizada ao xardín e un percorrido científico polas árbores senlleiras que alberga. Ambas foron anoadas por unha lectura previa de poemas do autor valdeorrés coma “O souto morto”, “Romanzo do caba-leiro ourizo”, “A traxedia dos castiñeiros” ou “Namórame o feitizo do tesouro”. A visita teatralizada foi obra de Hugo e xentileza do Concello.

Contamos tamén coa axuda de José Luis Vascuas, pai, garda forestal e colaborador na creación de contidos para o *Catálogo galego de árbores e formacións senlleiras*. Na contorna deste pazo vedrés de Santa Cruz de Ribadulla atópanse algunhas árbores e formacións singulares que forman parte do referido catálogo como as cincocentas oliveiras (coñecidas como a retícula de oliveiras), os buxos (a carreira de buxos), o ombú, as dúas palmeiras washingtonias, o carballo fastixiado, os tulipeiros de Virxinia, as coleccións de camelias e outros exemplares que a rapazada tivo ocasión de identificar.

Tamén nos achegamos ata San Miguel de Sarandón para participar na 7.ª edición do concurso de creación “Serán das Letras” e o noso alumnado acadou un gran éxito na sección de poesía e relato.



Dentro da programación ofertada polo Concello de Vedra, temos previsto para o último venres do mes que o alumnado de 2.º de educación primaria asista á presentación de *O libro falador*. Este volume, destinado a un público de primeiros lectores, é o resultado da colaboración do xornalista de orixe vedresa Henrique Neira, autor do texto, e do ilustrador Manuel Blanco. O CPI de Vedra é ademais centro colaborador do grupo de investigación RODA (USC) co proxecto Vedra medra e a súa coordinadora forma parte tamén do dito grupo. Con tal motivo, recibimos a visita o 18 de maio de varios profesores interesados en coñecer as nosas últimas actuacións. Estiveron con nós, Ramón Facal, catedrático e profesor emérito, Julia Feijoo (membro de RODA), Belén Castro, vicedecana da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, (RODA) e Sergio Sampedro, da Universidade de Huelva.

En Vedra medra seguimos profundando no coñecemento da contorna vedresa da man do seu patrimonio. Para seguir, actualizados os contidos relativos ás nosas actuacións, poden ver o Facebook Vedra medra e a web do CPI de Vedra.


Deporte



PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NO VERÁN - XIMNASIO MUNICIPAL

■ Nos meses de verán o ximnasio municipal permanecerá aberto co horario do pavillón municipal, que será:

- De luns a venres de 19:00 a 23:30 horas.





APERTURA DE PRAZO PARA A CONCESIÓN DE USO DO PAVILLÓN A CLUBS FEDERADOS NA TEMPADA 2022-2023

■ Os clubs federados no concello de Vedra que queiran facer uso da pista polideportiva do pavillón municipal na seguinte tempada poderán solicitalo do 1 ao 15 de xuño a través da Sede Electrónica do concello.

A partir desa data o concello avaliará a viabilidade dos horarios solicitados resolvendo as posibles coincidencias con actividades deportivas municipais ou con so-

licitudes da mesma franxa por máis dun colectivo.

A concesión de uso será anual e irá do 1 de setembro de 2022 ao 31 de agosto de 2023.



APERTURA DE PRAZO DE RENOVACIÓN NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN IDADE ESCOLAR E ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA PERSOAS ADULTAS

■ Do 27 de maio ao 17 de xuño ábrese o prazo para que as persoas usuarias das actividades deportivas municipais, tanto actividades deportivas para persoas adultas como actividades deportivas en idade escolar, poidan renovar a súa praza para o vindeiro curso.

Para iso recibirán un correo electrónico do servizo de deportes cun enlace para poder facer a renovación en liña. Tamén poderán tramitar as renovacións de xeito presencial de 10:00 a 14:00 no concello ou de 19:00 a 23:00 no pavillón. No caso de que non recibisen o enlace de inscrición póñanse en contacto co servizo de deportes, sempre antes do 17 de xuño, no enderezo deportesvedra@outlook.es, ou por teléfono pola mañá chamando ao concello (tel. 981 914 691) ou pola tarde ao pavillón (tel. 981 502 290) nos horarios que se indican anteriormente.

O proceso de renovación actívase coa finalidade de confeccionar e axustar os grupos co alumnado estable. Non se cobrará nada ata o inicio das actividades



e a taxa de aplicación será a mesma deste curso. O prazo de alta de novas persoas usuarias será do 12 ao 25 de setembro.


SENDEIRISMO. NOVA ETAPA O 18 DE XUÑO

■ **TRAMO:** Dende a Praia de Niñóns ata a Praia de Balarés.

Inscricións no teléfono 981 814 691 ata o 15 de xuño.

Horarios das paradas do percorrido do autobús:

- Ás 7:30 horas en Mosqueiro
- Ás 7:35 horas en Lestedo
- Ás 7:40 horas no Breixo
- Ás 7:50 horas no Hipercor
- Ás 8:00 horas diante da antiga Estación de Autobuses.





...HAI VERÁN ...HAI VEDRA!


■ Co verán cambiamos moitas rutinas; deixamos a chuvia atrás, cambiamos o parau-gas polo parasol, a roupa de abrigo pola máis fresca, buscamos novos destinos para relaxarnos...co verán cambia ata o ánimo.

E se queremos prepararnos para o sol e as vacacións...que mellor que entrar en: *hai-vedra.gal* e mercar todo o que necesitemos nos nosos comercios locais?

Lembra que na plataforma Hai Vedra encontrarás diferentes comercios de Vedra con produtos de todo tipo e mentres compras estarás axudando aos teus veciños e veciñas a impulsar os seus negocios.

Visita:

<https://haivedra.gal/market/gl/>



CORRENTES DO ULLA

9 de xullo
Descenso do Ulla en Piraguas
Desde as Illas de Gres (Ponteledesma) ata a Área de Recreo de Agronovo
Prezo: 20 €
(Inclúe piragua de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro)
Poderán participar as persoas maiores de 13 anos con autorización.
Prazas limitadas.

Do 15 ao 26 de xullo
Campo de Voluntariado
"Unindo roteiros"
Modalidade: medioambiental e dinamización
Idades: de 18 a 30 anos
Colabora: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

24 de xullo - saída ás 10:00 h.
Goza do Ulla - Sendeirismo
Ruta: Unindo roteiros... ao pé do Ulla
De Sucira (Ruta dos Pescadores) a Agronovo (Ruta de San Xoán da Cova)
10 km. aprox.

27 de xullo - Área de Recreo de Agronovo
28 de xullo - Área de Recreo de Sucira
Escola de Pesca en Río
De 10:00 a 13:00 h.
Idades: de 10 a 13 anos
Introdución ao mundo da pesca sostible e á concienciación coa natureza.
Imparte: David Arcay (campión do mundo de pesca de mosca)
Colabora: Federación Galega de Pesca

* información e inscricións en:
www.concellovedra.gal
www.boqueixon.gal

Concello de Vedra Concello de Boqueixón

SERVIZO DE ALUGUEIRO DE BICICLETAS BTT

■ O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos poderán gozar do servizo previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

Horario e lugar do servizo de alugueiro de bicicletas:

Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos PUNTOS DE INTERMEDIACIÓN DO ALUGUEIRO DE BICICLETAS:

- **Bar Quenllas:** R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. (42.776649, - 8.424904). Tel.: 981 512 452.
- **Bar Barreiro:** Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153). Tel.: 981 511 508
- **Ou chamando** ao 981 814 612 concello de Vedra.

Dispoñibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

Declaración de alta como usuario/a:

As persoas interesadas en usar o sistema de alugueiro de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

Custe do servizo:

O custe é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

Xestiona o servizo:

Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns"

PISCINA MUNICIPAL

■ Este verán a Piscina Municipal de Vedra estará aberta a partir do 27 de xuño en horario de luns a venres de 15:00 A 21:00 h. e sábados e domingos de 16:00 a 21:00 h.

Iremos informando ao longo deste mes nas redes sociais e na páxina web do Concello, de como se adquiren as entradas e os bonos.

ALUGUER DE PIRAGUAS E TÁBOAS DE PADDLE SURF NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

■ Durante os meses de xullo e agosto, todos os venres, sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 h. e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas e ás táboas de paddle surf mediante o seu aluguer a un prezo de 4 €/hora.

Medio Rural

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ O 31 de maio remataba o prazo para realizar os traballos de limpeza e corta de arboredo naquelas parcelas que incumprisen co disposto na Lei de incendios e nas súas posteriores modificacións. A partir deste momento e tendo en conta, ademais, que o concello de Vedra é un municipio considerado zona de alto risco de incendio, as persoas que incumpran coa normativa vixente en materia de prevención de incendios expóñense ás correspondentes sancións. A maiores disto a administración poderá repercutirle os gastos de extinción no caso de incendio forestal. Por iso rogámoslles a todas as persoas propietarias que aínda non cumpriron con estas obrigas que o fagan coa maior brevidade posible. Así mesmo, agradecemoslle a todas as persoas que xa cumpriron con elas o esforzo realizado por adaptarse á normativa.

OBRIGAS:

1º. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais:

a) Ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable (recordamos que hai que limpar tamén a maleza das parcelas urbanas)

b) Arredor das edificacións situadas a menos de 400 metros do monte ou vivendas illadas fóra do solo de núcleo.

2º. Retirar piñeiros, eucaliptos, mimosa, acacia e o resto de especies recollidas na D.A. 3ª da Lei de incendios que estean situados a menos de 50 metros dos solos e edificacións indicados no punto anterior.

PROHIBICIÓNS:

- Durante o período de alto risco de incendio que disporá a Consellería do Medio Rural non se poderán realizar queimas de restos agrícolas.
- Neste mesmo período estival queda prohibida a realización de grelladas ou calquera tipo de fogueira nas zonas agrícolas, forestais ou de influencia forestal. Independentemente de que contén con infraestruturas para a preparación de alimentos.

NOVAS PLANTACIÓNS:

Recomendamos que antes de realizar unha nova plantación se busque asesoramento cos axentes medio ambientais de zona para que esta cumpra co disposto na normativa. Esta información poderase solicitar directamente cos técnicos da Xunta ou a través do Concello previa cita no teléfono 881 074 404.



PRESENTACIÓN DO LIBRO “FEITIZO NO VAL” O VENRES 3 DE XUÑO

■ Vedra acolle un novo acto de presentación dunha obra literaria. Nesta ocasión trátase da obra escrita por Xosé Manuel Lobato e Fátima de la Iglesia coas ilustracións do alumnado da escola de Sarandón do Cra Boqueixón – Vedra “Neira Vilas”.

- **Data:** Venres 3 de xuño ás 20:30 horas.
- **Lugar:** Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón.



OS CAMIÑOS DAS MÚSICAS GALEGAS EN VEDRA O MÉRCORES 22 DE XUÑO

■ O Xacobeo 21-22 e a Fundación La Caixa traen a Vedra esta proposta que achega ás persoas peregrinas e por suposto á veciñanza en xeral a variedade e calidade que ofrece a música feita en Galicia e no noso idioma.



- **Data:** 22 de xuño.
- **Lugar:** Campo da Festa de Ponte Ulla.
- **Hora:** Ás 20:30 horas.

Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Bingo

Xoves 9 de xuño ás 20:30 h.

■ Clausura - fin de curso actividades do Centro

Xoves 16 xuño ás 20:30 h.

(As persoas interesadas en participar na clausura fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro Social ata o 14 de xuño)

■ Excursión a Bragança, Miranda do Douro, Les Arribes, Zamora 27 e 28 de xuño (2 días, 1 noite).

Itinerario: visita a Bragança, Zamora, Miranda do Douro, travesía en barco...

Prezo: 125 € (Inclúe: transporte,

pensión completa en habitación dobre, visitas, viaxe en barco e seguro de viaxe) - Prazas limitadas - Aberta a todos/as interesados/as.

(O prazo de inscrición ábrese o 6 de xuño ás 17:00 h. de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición).

■ Bingo especial de verán

Xoves 30 de xuño ás 20:30 h.

■ Excursión á praia - “Comida campestre”. Outes - praia de Broña

Martes 19 de xullo.
Prezo: 25 € (Inclúe transporte, visi-

tas e xantar) -prazas limitadas-

Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e confraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra...

Pola mañá visitaremos lugares de interese da zona. Pola tarde praia.

(O prazo de inscrición ábrese o luns 27 de xuño ás 17:00 h. de xeito presencial na Cafetería do Centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición).



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE VEDRA CURSO 2022/2023

■ Publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas e excluídas na EIM para o curso 22/23.

O prazo para a aceptación da praza adxudicada para o alumnado de NOVO INGRESO rematará o 7 de xuño. Toda a información na web municipal www.concello-devedra.gal

Consultas e dúbidas no departamento de servizos sociais comunitarios ou no teléfono 981 814 693.



LUDOTECA

■ A ludoteca ten como obxectivos proporcionar á infancia de Vedra, espazos lúdico/educativos adecuados para favorecer o crecemento persoal, a adquisición de valores, hábitos, habilidades, a súa socialización e o desenvolvemento das súas capacidades.

Desenvólvense programas de actividades baseadas na aprendizaxe por medio do xogo, a vivencia de experiencias novas, o desenvolvemento de talleres, de dinámicas de grupo, etc.. características da educación no tempo libre.

Con esta intención, formulamos os seguintes obradoiros e actividades para este mes:

- Xogando en valores: Contacontos.
- Experimentos divertidos.
- "Mr/s. Manitas".
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Supercchef.

Do 23 ao 30 de xuño o horario será o de 8.30 a 14.30h., como nos meses de xullo e agosto.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE EMPREGO
E IGUALDADE



Concello
de Vedra

A partires do día 13 DE XUÑO ata o 15 DE XULLO poderase facer a inscrición para o servizo de madrugadores e ludoteca durante o curso, así como a nova modalidade de ludoteca nas vacacións escolares de inverno nos primeiros días de setembro, Nadal, Entroido e Semana Santa. É importante que as persoas que queiran que os/as menores acudan a ludoteca no mes de setembro o fagan neste prazo.

Posteriormente no mes de de setembro abrírase un segundo prazo do 1 ao 24 de setembro coas prazas que queden baleiras. Para máis información nos teléfonos: 981 814 693 ou 699 041 486.





CONTINÚA MULLERES + 2022

■ “Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra”

Esta acción formativa consiste en que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas que van destinadas ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral e a desenvolverse autonomamente nas xestións da vida cotiá.

Para poder facer fronte á fenda dixital de xénero o departamento de igualdade organiza este taller formativo. **O curso é gratuíto.**

A folia de inscrición estará dispoñible no concello e na páxina web.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.com teléfono 699 041 486 ou 981 814 693, de 9:00 a 14:00 horas.



■ LEMBRA!!!!

As vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia social integral que inclúe servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral, que han de responder aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional. A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, res-

taurar a situación en que se atopaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

- **Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra.** De luns a venres de 8:00 a 15:00 horas
 - **CIM, centro de información á muller:**
 - **Atención xurídica.** Venres de 8:00 a 15:00 h.
 - **Atención psicolóxica.** Martes de 8:00 a 15:00 h.
- Teléfono 981 814 693.**

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emerxencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en contornas familiares onde existe violencia de xénero.

Outros recursos:

Teléfono 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o Servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por Whatsapp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

O Teléfono da Muller: 900 400 273

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.

Para que se puxo en marcha?

Fundamentalmente cos obxectivos de:

Continúa na páxina 13

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.

- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Sobre que cuestións te podes informar?

Ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...

- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...

- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...

- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar...

- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...

- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...

- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...

Verán Asociativo

II CAMPUS DEPORTIVO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

■ Para as mañás de xullo, o Club Olímpico de Vedra organiza o seu II Campus Deportivo, para todos os rapaces e rapazas nados entre os anos 2007 e 2013 (categorías prebenxamín a cadete).

No horario de 10:00h a 14:00h, as persoas inscritas desfrutarán dunhas mañás ociosas e divertidas, coa práctica de diversas actividades deportivas (multideporte), xogos, rutas activas, talleres de aprendizaxes e iniciación, e moito máis...

Con este II Campus, o Club busca ofertar á cativada una alternativa para este verán, coa posibilidade de compartir actividades de lecer cos seus compañeiros, promover a actividade deportiva e os hábitos de vida saudables, pero sempre co obxectivo principal de que os nenos e nenas se divirtan movéndose co Club.

O prazo para a reserva de praza está aberto ata o día 14 de xuño, con dúas posibilidades de reserva, quincenal ou mensual, e con desconto a partir do segundo irmán/irmá.

O acceso ao formulario de reserva de praza, está dispoñible nas redes sociais do Club Olímpico de Vedra.

Para máis información, no enderezo electrónico olimpicodevedra@hotmail.com, e no teléfono 621 017 384.

As prazas son limitadas.

ACAMPARTE 2022 DA ANPA CEIP ORTIGUEIRA

■ Un verán máis chega ás instalacións do CEIP Ortigueira unha nova edición do Campamento de verán ACAMPARTE.

- **Datas:** Do 4 ao 29 de xullo.
- **Inscripcións abertas** a través de formulario na web municipal do 1 ao 19 de xuño.
- **Para nenas e nenos dos 3 aos 12 anos.**

Unha alternativa de conciliación con opción de servizo madruga, de calendario completo, quincenal ou semanal... Será unha acción con saídas, multiaventura, piscina, obradoiros, música,...



XIX FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO, 3 de xullo ás 19:30 Horas no Pazo de Ortigueira



ESCOLA AMBIENTAL AMABUL

■ A Asociación AMABUL propón a súa "Escola Ambiental" na súa versión infantil e xuvenil.

A aposta terá dúas quendas (xullo e agosto) con actividades variadas de sensibilización ambiental, xogos educativos na natureza, saídas, rutas de sendeirismo, actividades deportivas e piscina,...

As prazas serán limitadas.

Máis información e inscricións na súa web: www.amabul.org



ASOCIACIÓN MEDIOAMBIENTAL AMABUL

■ Convida a celebrar o Día do Medio Ambiente (5 de xuño) participando con Amabul nunha xornada de voluntariado ambiental organizada por Decathlon España nas ribeiras do río Ulla.

Máis información e inscricións en: <https://www.facebook.com/asoc.amabul>



E EN XULLO UNHA NOVA EDICIÓN DO CICLO... “CINE DE VERÁN. CINEMA GALEGO AO AIRE LIBRE” DA ASOCIACIÓN SENUNPEÑO 3 PARROQUIAS * FILMES GALEGOS

■ **Venres 1 de xullo.**
22:30 h.
San Miguel de Sarandón. Campo da festa
Malencolía



Sira e Pepe, tras 10 anos vivindo en Berlín, deciden dar un novo rumbo á súa vida regresando a Galicia. Con ese obxectivo, mercan unha casa nunha aldea que consideran abandonada, pero na que vive unha señora coa que manterán unha estraña relación.

- **2021.** Comedia de terror. 75 min.
- **Dirección:** Alfonso Zarauza.
- **Con:** Melania Cruz, Xulio Abonjo, Iolanda Muíños, Diego Anido, Leticia Sola...
- Coa colaboración da Asociación Cultural San Campio.

■ **Venres 8 de xullo. 22:30 h.**
Trobe. Casa da Fábrica
Cuñados

Dous cuñados metidos en problemas económicos deciden secuestrar ao cuñado da muller que os estafou para pedirlle un rescate e salvar a adega familiar. Só

teñen un pequeno problema: ela non está disposta a pagar un peso por el.

- **2021.** Comedia. 95 min.
- **Dirección:** Toño López.
- **Con:** Xosé A. Touriñán, Miguel de Lira, Federico Pérez, Eva Fernández, Iolanda Muíños, María Vázquez...
- Coa colaboración da Comisión de Festas de Trobe.

■ **Venres 15 de xullo. 22:30 h.**
Vedra. Campo da festa
Trote

Carme vive nunha aldea das montañas do interior de Galicia co seu pai Ramón, co que apenas fala, e a súa nai enferma. Necesita fuxir dese ambiente opresivo, pero as circunstancias sempre lle impediron dar o paso. Na fin de semana da Rapa das Bestas, o seu irmán maior volve á casa familiar uns días coa súa parella. Unha loita entre o home e o cabalo, entre a razón e o instinto.

- **2018.** Drama. 83 min.
- **Dirección:** Xacio Baño.
- **Con:** María Vázquez, Celso Bugallo, Diego Anido, Tamara Canosa, Melania Cruz...
- Coa colaboración da Asociación Cultural Papaventos.

DÍA DA BICICLETA EN VEDRA CO CLUB RIBADOULLA

■ O próximo 12 de xuño no Velódromo de Vedra o Club Ribadoulla e o concello organizan o Día da Bicicleta en Vedra con actividades e actuacións para toda a familia.

Haberá xincanas para nenos e nenas, a actuación do cómico Circanelo, sorteos e agasallos, obradoiros de mecánica ciclista e unha ruta en bicicleta polo concello.

Apunta a toda a túa familia, a inscrición é gratuíta e dá dereito a participar na comida e en todas as actividades.

Inscríbete na web de Ribadoulla (<https://ribadoulla.es/producto/dia-da-bicicleta-en-vedra>) ata o día 8 de xuño.





A SERGIO MUNÍN SÁNCHEZ

■ Alumno da Escola de Xadrez de Vedra que no pasado mes de maio gañou o Trofeo Intercomarcal Xogade e se converteu ademais no Campión Provincial por equipos sub 10.

Parabéns Sergio, seguro que estes non serán os únicos triunfos que acadas nesta disciplina na que te superas cada día.



Sergio Munín, segundo pola esquerda, recibindo o seu premio.

A AUGARDENTES DE GALICIA

■ Por acoller na súa sede en Vedra a iniciativa "Last Drop Day" cos mellores profesionais da coctelería a da industria da destilería a nivel nacional e internacional.



A EMILY RODRIGUEZ SANTOS

■ Pola exitosa presentación da súa segunda novela "LIBELUPA" que ategou a Nave de Santa Cruz de Ribadulla con numerosas sorpresas convidadas e que ben seguro será o prólogo do éxito da súa obra literaria.



A HENRIQUE NEIRA

■ Pola súa obra "O Libro Falador" ilustrada por Manuel Blanco e que se presentou ao público dentro da programación do Serán das Letras da Asociación Cultural San Campio.



AO EQUIPO JUNIOR OBRADOIRO-VEDRA

■ Pola consecución do campionato de Segunda División Junior de baloncesto.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!